

MARTÍN DIZ, F. (Coord.): *La mediación en materia de familia y Derecho Penal: estudios y análisis*, Andavira, Santiago de Compostela, 2011, 385 pp.

A mediación é nesta altura un dos temas máis en boga do ámbito xurídico. O carácter plástico e maleable do concepto, e xa que logo a súa adaptabilidade, ten situado a polémica acerca da súa pertinencia en case que todos os foros de debate.

Máis alá das disputas palaciegas entre seguidores e detractores, semella que o mellor aval pro-mediación ven determinado polo moderado éxito das experiencias levadas a cabo nos últimos tempos, en particular, aqueles proxectos piloto de mediación que se están a desenvolver nos distintos territorios do Estado español.

Sen negar a desigualdade dos indicadores, resulta evidente que se ante semellante masa amalgamada de críticas, se perante a colosal campaña de ofensiva intelectual, o tema aínda non sucumbiu, é porque a teimuda realidade continúa a proporcionar regularmente, novos elementos para a discusión.

Moitas estruturas do sistema xudicial non resisten ben algunhas achegas ligadas inexorablemente á mediación. Porén, o éxito comedido das experiencias do Dereito Comparado, os devanditos resultados dos Programas Piloto, etc., obríganos a deternos, aínda que sexa de maneira breve, en analizar virtualidades e carencias deste método tan polémico.

O Profesor Martín Diz coordina a un moi heteroxéneo grupo de profesionais que dende unha procedencia multidisciplinar - Psicoloxía, Dereito, etc., e xa que logo dende prismas ben diferentes, analizan as diversas caras dunha temática poliédrica.

É necesario comezar facendo unha consideración preliminar en relación ao tema que nos ocupa. A publicación que centra a nosa análise orbita ao redor de dous polos ben diferentes, o ámbito familiar e penal. Deste modo, se ben é certo que a mediación en si mesma tivo un comezo estrondoso, tamén o é, que non se pode situar no mesmo escenario ambas materias. Empregar as fustas do Dereito Público –críticas habituais á integración da mediación no sistema de xustiza penal-, de xeito indiscriminado para azoutar calquera cuestión que arrecenda por pouco que sexa a mediación, resulta un despropósito, dado que na xeneralización omítense elementos estruturais que fan dun e doutro tipo de mediación, materias esencialmente diferentes.

Entrando xa en materia cabe sinalar que o libro se estrutura nun prólogo e trece capítulos. A sistematización da obra está pensada para transportar ao lector dende unha panorámica máis xeral do tema a unha onde se especifican en detalle algúns dos aspectos de maior actualidade: mediación on-line, violencia en violencia de xénero, etc.

Nesta liña MARTÍN DIZ (“La mediación: marco general para su implantación como sistema complementario de Administración de Justicia”) e seguidamente ALISTE SANTOS (“Meditación crítica sobre la mediación como alternativa a la jurisdicción”) abren a obra con dous capítulos de corte introdutorio, procurando expor de modo fundamentalmente descritivo (o primeiro) e analítico (o segundo), aspectos básicos do abecedario da mediación: conflito, mediación, autocomposición, alternatividade versus complementariedade, etc.

No capítulo 3 “Mediación on-line: ¿la mediación del futuro?”, BUENO DE MATA analiza o tránsito do concepto ADR ás ODR, *Online Dispute Resolutions* (ODR), metodoloxía resultante da combinación dos mecanismos ADR e as vantaxes dos adiantos tecnolóxicos. Así, ás tradicionais características atribuídas á mediación estándar, hai que engadirle as innumerábeis vantaxes competitivas que ofrecen os mecanismos telemáticos en xeral. En concreto, a mediación on-line ao alimentarse coa utilización das novas tecnoloxías, permite explotar ao máximo as posibilidades da mediación, en especial naqueles sectores onde a aceptación deste mecanismo resulta pacífica, isto é, aqueles que non amosan resistencia á súa incorporación (comercio, pequena industria, etc.) Con esta metodoloxía, será posible mediar a distancia, optimizando recursos económicos, facilitando o diálogo entre persoas que noutras circunstancias non accederían a participar, e xerándose deste xeito, estímulos positivos para que as partes decidan participar.

O crecente intercambio comercial pola rede, mudará necesariamente -se é que non o fixo xa-, hábitos de conduta relacionados co consumo, por isto ao noso xuízo, a pertinencia dun método de resolución de conflitos baseado na flexibilidade, queda fóra de calquera tipo de dúbidas. Non obstante, esta modalidade non está exenta de dificultades, a máis destacable é a relativa á figura do mediador on-line e a súa viabilidade real no procedemento.

En “Mediación y guarda y custodia de menores”, MARTÍNEZ RODRÍGUEZ afonda nunha das liñas máis prolíficas da mediación, a relativa aos conflitos de familia.

A carga emocional e demais factores consubstanciais a este tipo de problemática, fan que se ben é certo que o proceso neste tipo de casos sirve para pór fin á controversia xurídica, tamén o é que a praxe cotiá revela un escenario no que a xurisdiccionalización das controversias en moitas ocasións serven para apuntalar uns conflitos, os familiares, que pola súa propia natureza contan cunha especial emotividade que non se ve aliviada polas canles tradicionais.

Todo o dito cobra relevancia cando hai menores involucrados na controversia. Cuestións como as relativas aos alimentos debidos aos fillos, o réxime de visitas ou a atribución da vivenda familiar amplifican o sentido do ata aquí explicado. Semella que en casos destas circunstancias, resultará altamente aconsellable non conformarse cunha finalización “formal” da controversia, e apostar por solucións construídas dende un

diálogo que necesariamente, en tanto que voluntario, resultará máis produtivo.

O capítulo quinto, "La mediación familiar en las Comunidades Autónomas", ofrece ao lector unha proliza e completa panorámica da cambiante situación da mediación familiar no ámbito autonómico. En ocasións a diversidade, diferente grao de desenvolvemento, as modificacións, etc., fan complicado coñecer polo miúdo o estado da materia nos distintos territorios que conforman o Estado español. PELAYO LAVÍN analiza o extraordinario desenvolvemento que no ámbito autonómico teñen experimentado as leis relativas á mediación familiar, motivado en moi boa medida pola ausencia de regulación estatal. Eclósion normativa que debuxa unha visión a nivel estatal, diversa e heteroxénea. Como exemplo do sinalado, FERREIRO BAAMONDE entra a degraer –no capítulo sexto–, a sistematización da mediación familiar na Comunidade Autónoma galega, así como a súa evolución lexislativa, liñas e ideas fundamentais.

No capítulo sétimo, IGLESIAS MIRANDA analiza dende un punto de vista psicolóxico o peso das emocións na mediación. E é que resulta indiscutible que un dos principais sinais de identidade da mediación familiar ven constituída, tal e como xa se apuntou, polo peso das emocións, peso que condiciona cando non determina o resultado do proceso mediador. Abórdase polo tanto, unha das cuestións fundamentais na mediación en xeral e na familiar en particular, polo seu carácter decisivo á hora de establecer un clima no que resulte posible mediar.

Especialmente salientable resulta o esforzo do autor por trazar con claridade a liña divisoria coa terapia, fundamentada en que non se pretende coa mediación acadar un avance nos procesos persoais de adaptación aos cambios vitais, senón transmitir ás partes os procesos emocionais consubstanciais á ruptura de parella e os seus efectos.

A imprescindible diferenciación posibilitará facer un correcto tratamento das emocións e establecer un clima de confianza que ao tempo sirva para estimular o diálogo entre as partes.

Enmarcándonos xa na orde penal, MATELLANES RODRÍGUEZ inaugura a nova xeira cuns apuntamentos básicos verbo da Xustiza Restaurativa como marco xeral da mediación penal. Entre os factores que explican o pulo da xustiza restaurativa a autora sinala entre outras, a influencia das teses abolicionistas, o redescubrimento da vítima, o denominado "fracaso da resocialización", etc.

Seguindo coa liña inaugurada, CARRIZO GONZÁLEZ-CASTELL ofrécenos unha ollada acerca da mediación penal no Estado español. Ao noso xuízo o autor suliña un dos aspectos capitais para unha eventual introdución da mediación no sistema de xustiza penal, a saber, a necesaria reformulación regrada do marxe de discrecionalidade no exercicio da acción penal.

Pero se de todo o dito se pode inferir algo, é sen dúbida que estamos perante un tema problemático e case que orfo de amparo lexislativo. Esta cuestión é o *leitmotiv* do capítulo décimo no que a

maxistrada FREIRE PÉREZ, reflexiona acerca do acubillo normativo e institucional das experiencias de mediación no marco da xustiza penal de adultos. A autora, indiscutible pioneira da mediación penal no Estado español, fai un exhaustivo percorrido polo devandito amparo normativo dende as recomendacións do Consello de Europa -con especial incidencia na fundamental recomendación número R(99)19, sobre mediación no ámbito penal-, ata as diversas posibilidades legais derivadas da parte xeral e especial do CP de 1995.

Entre outras cuestións remata a autora facendo unha sucinta descrición de GEMME (*Grupo Europeo de Magistrados por la Mediación de España*) asociación, sen a que non se podería entender os avances producidos na materia nas últimas décadas, da que é socia fundadora no Estado español.

Neste mesmo bloque penal, o capítulo undécimo aborda a aresta máis complexa dun tema de por si suficientemente controvertido. E é que DEL POZO PÉREZ pregúntase acerca do adecuado ou non da prohibición de mediación do artigo 44.5 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Na mesma liña anticipada pola autora, de oposición á posibilidade de mediar en casos de violencia de xénero, sitúanse no capítulo duodécimo DELGADO ÁLVAREZ e SÁNCHEZ PRADA fundamentando a súa posición dende un punto de vista psicolóxico. Para eles a inconveniencia xurde porque ao ser a violencia de xénero un fenómeno no que se combinan elemento sociais e biolóxicos, a intervención que se faga non debe menoscabar o seu carácter multidimensional, a risco de simplificar o fenómeno e fortalecer os fundamentos do problema.

Finaliza a obra no capítulo décimo terceiro cunha pincelada de Dereito Comparado. MARQUÉS CEBOLA tece un paralelismo entre as experiencias de mediación desenvoltas en Portugal e no Estado español. A comparación resulta de difícil acomodo pois mentres en Portugal o Ministerio de Xustiza creou un organismo específico sobre a materia -o *Gabinete de Resolução Extrajudicial de Conflitos* (en diante, GRAL)-, no Estado español pouco se ten avanzado a este respecto, alén o xa referido en materia de familia no ámbito autonómico. Cuestión esta -a da creación do GRAL-, nada baladí, se atendemos ao pulo que a mediación experimentou nos últimos tempos no país luso, especificamente en materia familiar, laboral e penal.

Martín Diz coordina unha publicación que atende unha por unha as cuestións de máis actualidade relativas á mediación. Con desigual intensidade, analiza unha miscelánea ben engarzada de temas de entre os que cómpre salientar especialmente os incluídos na parte referida á mediación penal. Mención especial máis que merecida, malia non compartir quen escribe, o criterio dos autores no referido á posibilidade de mediar en casos de violencia de xénero.

A obra de lectura fácil -en tanto que eminentemente descritiva-, resulta altamente recomendable, toda vez que lle permite ao lector obter

en moi poucas páxinas unha visión global do estado da materia no Estado español.

*Cristina Alonso Salgado
Contratada FPI Área de Dereito Procesual
Universidade de Santiago de Compostela*